



Teresa López Fernández, vicerreitora de Profesorado e presidenta da Comisión de Reclamacións de prazas de profesorado laboral,

FAGO CONSTAR:

Que a Comisión de Reclamacións de prazas de profesorado laboral reunida o 2 de febreiro de 2026, tomou o seguinte acordo en relación coa reclamación presentada na praza que se relaciona a continuación,

Praza: 25/16007

Categoría: Profesor/a Axudante Doutor/a

Área de coñecemento: Socioloxía

Departamento: Socioloxía e Ciencias da Comunicación

Centro: Facultade de Socioloxía

Tras analizar a documentación da praza 25/16007, a reclamación presentada por D^a Loreto Vázquez Chas e os informes da Comisión de selección, a Comisión de reclamacións, na súa reunión 2 de febreiro de 2026, acorda:

1. ratificar a revisión da valoración dos méritos da reclamante nos puntos II.2 Calidade docente e III.7 Accións de transferencia e divulgación realizada pola Comisión de selección con data 27 de xaneiro de 2026
2. solicitar a revisión da valoración dos méritos do punto I.1 Expediente académico de todas as persoas candidatas, unha vez que se detectou un erro material na puntuación trasladada á folia Excel. A *Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador* (aprobada polo Consello de goberno de 7/11/2024), establece no anexo I (Baremo para a selección de profesorado axudante doutor, substituto e asociado) como deben valorarse os méritos alegados polas persoas solicitantes. No punto I.1 Expediente académico indica que a nota media se multiplicará por 5 e no punto I.2 Tese de doutoramento que a puntuación derivada da cualificación obtida se multiplicará por 2,5. A Comisión de selección trasladou á folia Excel as puntuacións sen realizar a multiplicación sinalada, polo que é necesario que proceda a realizala e a incluír o resultado na folia Excel.
3. solicitar da Comisión de selección que remita unha nova folia Excel e unha nova proposta de provisión que teña en conta o sinalado no punto 2.
4. facer público este acordo.

A Coruña, asinado dixitalmente

A vicerreitora de Profesorado

Teresa López Fernández